

OUTUBRO - NOVEMBRO - DECEMBRO

ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E IGUALDADE



Servizos Sociais. Concello de Bergondo

Desde o Departamento de servizos sociais municipais do Concello de Bergondo estase a preparar a posta en marcha de varios programas que poden ser do teu interese:

- No eido da atención a persoas dependentes e coidadoras:
 - **CUIDADANAS**: apoio integral a coidadoras
 - Unidade de memoria **ACTIVAT**
- No eido da igualdade:
 - **BERGONDO EN FEMININO**

Prazo de inscrición aos programas **CUIDADANAS e ACTIVAT**: do 6 ao 30 de setembro no centro de servizos sociais ou poñéndote en contacto coa educadora familiar.

Marisa Vázquez: 981791252 ext.3 / marisa.vazquez@bergondo.gal



BERGONDO EN FEMININO: Trátase dunha boa oportunidade para coñecer un pouco mellor a historia das mulleres da zona que habitamos, e contribuír a termos un concello máis xusto e igualitario.

Se tes interese en participar, podes inscribirte de balde chamando ate o 25 de setembro 981791252 ext.3 / marisa.vazquez@bergondo.gal

Cidadanas: apoio integral a cuidadoras

As actividades de prevención e o apoio ás persoas cuidadoras pretenden aliviar o estrés, o illamento e a sobrecarga emocional que a miúdo van asociados ao traballo dos coidados, proporcionando **ás mulleres cuidadoras ou familiares** recursos de información, apoio emocional, formación e a participación social, evitando desta forma unha situación de desestruturación familiar. Entre os meses de **outubro, novembro e decembro 2019** realizaranse os seguintes obradoiros impartidos por persoal especializado:

- Días 8, 15 e 22 de outubro: Saúde e autocoidado "Quen coida de min".
- Día 29 de outubro: Relacións afectivas "As cousas do querer".
- Días 5 e 12 de novembro: Corresponsabilidade "Coidar e ser coidado".
- Días 19 e 26 de novembro: Comunicación "Mellorando as miñas habilidades sociais".
- Día 3 de decembro: Historia do feminismo "As mulleres da nosa vida".

Lugar e horario: martes de 10.30 a 12.30 na Casa da Cultura do Concello.

Unidade de memoria ACTIVAT

Dirixida a persoas con **deterioro cognitivo leve ou demencia en estadio inicial**. A unidade está xestionada por persoal especializado da asociación Afaco (Asociación de familiares de enfermos Alzheimer da Coruña). O obxectivo fundamental é mellorar a calidade de vida da persoa con demencia e da súa familia a través da promoción da autonomía e do mantemento das capacidades físico-cognitivas no maior tempo posible así como potenciar a interacción social no seu entorno.

Se queres inscribir ao teu familiar deberás facelo no prazo establecido; posteriormente os profesionais realizarán unha avaliación individualizada en cada caso (entrevista coa familia e valoración cognitiva e afectiva dos/as posibles candidatos/as). As persoas que sexan valoradas como idóneas poderán asistir aos obradoiros de: estimulación cognitiva, estimulación de actividades da vida diaria, psicomotricidade, musicoterapia e expresión corporal, laborterapia, ludoterapia e intervención psico-afectiva.

Lugar e horario: martes e xoves de 10.00 a 12.00 no Centro Social de A Senra.

Bergondo en feminino

Actividade enmarcada na liña de axudas da Secretaría Xeral de Igualdade en materia de sensibilización sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. O obxectivo é **visibilizar a historia de mulleres do municipio**, mulleres de distintas épocas históricas e con traxectorias tamén diversas, pero que tiveron en común a rebeldía coa que se enfrontaron aos canons e roles que cada momento impuxo para elas. Nomes de artistas, mestras, represaliadas, traballadoras, emprendedoras, e moito máis, sairán á luz neste proxecto, que busca en última instancia a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Haberá un **obradoiro participativo** no que investigar a traxectoria destas figuras e un **roteiro final** con visita guiada en novembro, no que compartir con toda a veciñanza os resultados destas pesquisas. As datas do obradoiro, que será impartido pola Cooperativa Rexenerando son:

- Días 27 e 28 de setembro e 4, 5, 18, 19, 25 e 26 de outubro.

Lugar e horario: venres de 17.30 a 20.30 e sábados de 10.00 a 12.00 no Centro Social da Senra.